

MATRÍCULA PRESENCIAL DIRECTA

**DO 1 DE AGOSTO Ó 7 DE SETEMBRO
EN VERÍN, O BARCO E O CARBALLIÑO SÓ EN SETEMBRO: DO 1 Ó 7**

As prazas libres que quedan están a disposición das persoas interesadas e serán adxudicadas por orde de chegada.

As persoas que obteñan unha praza nestas adxudicacións teñen **PRAZO ATA O 7 DE SETEMBRO ÁS 12:00 HORAS** para pagar as taxas correspondentes e formalizar a súa matrícula na secretaría do centro. O alumnado deberá ter preparada toda a documentación necesaria. Para as seccións de A Ponte-IES Blanco Amor, Celanova e Ribadavia, a formalización das matrículas farase na secretaría da EOI de Ourense. Nas seccións da escola no Barco, O Carballiño e Verín, a formalización da matrícula realizarase a través das secretarías das propias seccións entre o 1 e o 7 de setembro.

As persoas que non formalicen a matrícula no prazo establecido perderán a súa reserva de praza.

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR:

- ▶ Tarxeta de matrícula debidamente cuberta.
- ▶ Resgardo do aboamento dos prezos públicos. [Vexa aquí como pagar](#)

O alumnado de novo acceso deberá presentar, ademais:

- ▶ Fotocopia do DNI, ou NIE no caso dos estranxeiros (non é válido o pasaporte)
- ▶ Para o alumnado menor de 16 anos a 31 de decembro de 2022 certificado no que se faga constar a primeira lingua estranxeira cursada na educación secundaria obligatoria no curso escolar 2021-2022, expedido polo centro onde estea matriculado consonte o modelo do [Anexo IV](#).
- ▶ No caso de discapacidade deberase achegar documentación acreditativa e, se solicita adaptacións, cubrir o [Anexo V](#).
- ▶ O alumnado que acceda por titulación deberá presentar a documentación que o acredite. [Vexa aquí os accesos directos](#).

INFORMACIÓN IMPORTANTE

- ▶ A posta en marcha do grupo da súa elección dependerá do número total de inscritos que o xustifique.
- ▶ As probas parciais e finais poderán realizarse en día e hora diferentes ós horarios ordinarios das clases do curso no que se matricula.
- ▶ Na convocatoria extraordinaria poderán coincidir as probas de distintos idiomas na mesma data e hora.
- ▶ O alumnado con anulación de matrícula por falta de pagamento no curso 2021-2022 deberá aboar previamente as cantidades adebedadas para poder formalizar a nova matrícula.